

PORFIRIO

QUEN FOI E EN QUE ÉPOCA VIVIU?

O SEU NOME ERA PORFIRIO, QUE VEN DO LATÍN PORPHYRIUS, AÍNDA QUE O SEU NOME ORIXINAL ERA "MALCHUS / MALKOS". NON SE SABE REALMENTE CANDO, NIN ONDE NACEU, PERO CRÉESE QUE FOI NO SÉCVLO III D.C. E EN TIRO OU BATANCA. ESTUDOU FILOSOFÍA EN ATENAS CON LONGINO, E DESPOIS FOI DISCÍPULO DE PLOTINO EN ROMA. ESTIVO PRESENTE NA ÉPOCA DO NEOPLATONISMO. FINALMENTE, MORREU A PRINCIPIOS DO SÉCVLO IV EN ROMA.

CALES FORON AS SÚAS OBRAS MÁIS IMPORTANTES?

TEN MOITAS OBRAS NAS QUE ESCRIBIU SOBRE ASTROLOXÍA, RELIXIÓN, FILOSOFÍA E TEORÍA MUSICAL. NA SÚA FILOSOFÍA PRÁCTICA, PROMOVÍA A ABSTINENCIA DE ALIMENTOS DE ORIXE ANIMAL, O CELIBATO E EVITAR OS ESPECTÁCULOS TEATRAIS, COMO MEDIOS DE PURIFICACIÓN E ELEVACIÓN DA ALMA. DEFENDÍA QUE AS BOAS ACCIÓNS ERAN MÁIS VALIOSAS QUE AS ORACIÓNS OU SACRIFICIOS. APOIOU TAMÉN A RELIXIÓN PAGÁ TRADICIONAL, INTERPRETANDO OS MITOS COMO REPRESENTACIÓNS ALEGÓRICAS DA VERDADE FILOSÓFICA.

UNHA DAS SÚAS OBRAS MÁIS RELEVANTES, "ISAGOGÉ", COMENTA AS CATEGORÍAS DE ARISTÓTELES E INTRODUCÉ UNHA CLASIFICACIÓN LÓXICA DAS SUBSTANCIAS, INTEGRANDO A LÓXICA ARISTOTÉLICA NO NEOPLATONISMO. A TRADUCCIÓN LATINA DE BOECIO CONVERTÉUSE NUN TEXTO CLAVE NA FILOSOFÍA MEDIEVAL E SERVIU DE BASE PARA O DEBATE SOBRE OS UNIVERSAIS.

NO CONTEXTO ESCOLAR, O "ÁRBOR PORPHYRIANA" ILUSTRABA A CLASIFICACIÓN LÓXICA DA SUBSTANCIA, ORGANIZANDO OS CONCEPTOS DENDE OS MÁIS XERAIS AOS MÁIS CONCRETOS. ESTA ESTRUCTURA DEU INICIO AO NOMINALISMO, CONSIDERADO UN PRECURSOR DAS CLASIFICACIÓNS TAXONÓMICAS MODERNAS. UN EXEMPLO DA CLASIFICACIÓN SERÍA: SUBSTANCIA → CORPO → VIVENTE → ANIMAL → RACIONAL → HOME.

POR ÚLTIMO NA OBRA "ADVERSUS CHRISTIANOS", CRITICOU O CRISTIANISMO, ESPECIALMENTE A DIVINDADE DE XESÚS, E INTENTOU EVITAR A CONVERSIÓN DAS ÉLITES CULTAS. ESTA OBRA FOI PROHIBIDA E DESTRUÍDA POLOS EMPERADORES CRISTIÁNS.

ADEMAIS DE TODAS AS SÚAS OBRAS ESCRIBIU A BIOGRAFÍA DO SEU MAESTRO PLOTINO E SOBRE A VIDA DE PITÁGORAS.

POR QUE É IMPORTANTE PARA A FILOSOFÍA?

PORQUE NON SOLO FOI UN FILÓSOFO MOI APRECIADO POLOS SEUS CONTEMPORÁNEOS DEBIDO A SÚA GRAN ERUDICIÓN, SE NON TAMÉN PORQUE FOI O PRIMEIRO FILÓSOFO EN INTERESARSE POLO PENSAMENTO DO SEU MESTRE PLOTINO E DE ARISTÓTELES E PLATÓN EN PROFUNDIDADE, ADEMAIS DE QUE SOUVO ELABORAR O SEU PROPIO SISTEMA FILOSÓFICO, DISTINTO NALGUNHAS PARTES DO SEU MESTRE, AÍNDA QUE MOITOS HISTORIADORES CONSIDERAN QUE FOI UNHA SOMBRA DESTÉ.

TAMÉN TRANSMITIU DE MANEIRA CLARIFICADA O PENSAMENTO DE PLOTINO E FIXO UNHA COALICIÓN ENTRE O PLATONISMO E O ARISTOTELISMO, INCORPORANDO IDEAS ESTÓICAS, ONDE A SÚA OBRA ISAGOGÉ FOI FUNDAMENTAL PARA POSTERIORMENTE A IDADE MEDIA, XA QUE INTRODUCIU A LÓXICA ARISTOTÉLICA E SERVIU DE BASES PARA OS DEBATES SOBRE OS UNIVERSAIS.

FINALMENTE ACABOU POR CONVERTERSE NUNHA PONTE ENTRE A FILOSOFÍA ANTIGA E A MEDIEVAL DEIXANDO UNHA HUELLA DECISIVA NA TRADICIÓN FILOSÓFICA

TRABALLO REALIZADO POR MÓNICA RODRÍGUEZ E LUCÍA JARDÓN 1º BAC A